



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da Xunta de Goberno Local para o 08.05.2026

Don **Manuel Vázquez Faraldo**, alcalde do Concello de Miño, de conformidade co establecido no artigo 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o artigo 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Miño e ao abeiro do previsto no artigo 46.3 LRBRL, **RESOLVO**:

PRIMEIRO E ÚNICO.- Convocar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Miño, que terá lugar o día 8 de maio de 2026 ás 14:30 horas no salón de sesións da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior: sesión extraordinaria e urxente do 24.04.2026

2. Licenzas urbanísticas e comunicación previas

2.1. Expediente número 2025/U022/000014. Licenza de edificación para vivenda unifamiliar illada, piscina e peches de parcela no lugar das Berrugueiras, 10 de Perbes de Sandra Piñeiro Boente e David Eiroa Ouviaña.

2.2. Expediente número 2025/U052/000031. Comunicación previa de primeira ocupación da vivenda situada na Avda. de Xarío, 158 de Costa Miño Golf de Daviz Vázquez Regueiro e Sara Sánchez García.

2.3. Expediente número 2025/U052/000027. Corrección de erros do acordo da X.G.L. do 12.12.2025 relativo á comunicación previa de primeira ocupación de dúas vivendas unifamiliares emparelladas situadas na Avda. de Xarío, 49 e 51 de Costa Miño Golf de Pareados Miño S.L.

3. Tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade

3.1. Expediente número 2026/V006/000010. Tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade de J. M. P. T.

3.2. Expediente número 2026/V006/000011. Tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade de E. D. F.

3.3. Expediente número 2026/V006/000012. Tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade de I. M. M.

4. Outros asuntos

A documentación estará á disposición das concelleiras e concelleiros a través do portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario municipal

David Veiga Sierra